

## A Confraría de Dolores retorna á súa sede o vindeiro día 11

**A** Confraría de Dolores celebrará o día 11 de abril unha procesión moi importante na súa longa historia. Ao finalizar o setenario na honra de María Santísima dos Dolores, esta imaxe e a do Cristo da Misericordia serán levadas en procesión ata a súa igrexa, despois de sete anos alonxadas dela polas obras. • Pax 2

## As Angustias estrea este ano unha nova imaxe da Virxe dos Desamparados

**A** irmandade da Soidade presenta o día 6 o novo Cristo da Boa Morte Pax 4

**A** Mercé realizará un "tramo silencioso" na súa saída do Mércores Santo Pax 4

**Está en marcha o reparto da revista e o procesionario da Semana Santa** Pax 7

# A Paixón ferrolá toma aire para latexar un ano máis

**C**oa imaxe do Vía Crucis que a Xunta de Confrarías celebrou o pasado 21 de marzo, presidido nesta ocasión pola talla de Noso Pai Xesús Nazareno da irmandade

de das Angustias, chega este novo número do PaixónxFerrol para compartir as novidades máis importantes da Semana Santa que temos ás portas. Dos actos conxuntos,

tras a máis recente presentación da revista Ecce Homo e o procesionario, resta unicamente por celebrar o pregón, que será o vindeiro 5 de marzo, ás 19.30h, no Jofre. • Pax 7

# A Confraría de Dolores regresará á súa sede canónica tras sete anos de obras

Este ano o gran acontecemento da Confraría de Dolores, e mesmo da propia Semana Santa ferrolá, é a reapertura da súa sede canónica despois de sete anos pechada polas obras de rehabilitación. O día sinalado é o 11 de abril, o Venres de Dolores, unha data cargada de significado na que a irmandade rematará en San Xiao o solemne setenario en honor da Santísima Virxe de Dolores e emprenderá o camiño de volta á súa casa.

Ao finalizar a función na concatedral, a titular mariana e o Cristo da Misericordia sairán a ombreiros e iniciarán un itinerario que os levará polas rúas Igrexa, Sánchez Barcáiztegui, Magdalena, Rubalcava, María, Terra, Real, Arce, María e Méndez Núñez, facendo parada diante das igrexas do Carme e a Mercé, como xesto de agradecemento pola acollida nestes anos fóra da súa sede. As portas da igrexa de Dolores abriranse por fin ao final do percorrido para acoller as dúas imaxes e celebrar, oficiada polo bispo Fernando García Cadiñanos, a primeira eucaristía desta nova etapa.

A apertura do templo permitirá que de novo os terzos saian do seu inte-



resma de Dolores, que antes celebrou en San Xiao o seu tradicional quinario en honor do Santísimo Cristo da Misericordia. A irmandade fixo coincidir a súa finalización co recibimento a novos confreres -na imaxe- e a entrega de medallas.

A Confraría de Dolores ten previsto manter este ano a apertura de portas no corralón durante as horas previas de cada procesión, de maneira que os devotos poderán acudir a contemplar ou rezar diante das imaxes.

Xunto con esa gran novidade, a irmandade estreará este ano a imaxe de Caifás no paso de Xesús da Columna, o Martes Santo. O terzo ten previsto incorporar nos próximos anos outras dúas imaxes a este paso de misterio, sempre da man do imaxineiro Fernando Murciano. Caifás, o sacerdote xudeu que comandou o proceso para condear a Xesús, foi tallado en madeira de cedro, con brazos articulados e roupa escura deseñada por José Carlos Arcos de la Rosa.

Outra novidade a destacar é que a Virxe da Piedade sairá co seu manto completamente bordado no taller de Enrique Carrascal. •

## Revista Mater Misericordiae



Na Coresma, a Confraría de Dolores publicou un novo número da revista Mater Misericordiae, con varios artigos e novas sobre a actualidade da irmandade. •

rior para as procesións. Coas obras recuperouse a antiga porta que conec-

## A apertura do templo permitirá que de novo os terzos saian do seu interior

taba o interior da igrexa e o corralón, no que se retranqueou o peche deixando á altura das portas anteriores un enreixado diáfano que permite apreciar a volumetría da construción principal. A rehabilitación permitiu a descuberta de moitas outras sorpresas e detalles da igrexa orixinal, e de seguro que serán moitos os fieis e visitantes que aproveitarán a Semana Santa para visitala.

O traslado de imaxes de Dolores ao seu templo foi a gran novidade da Co-

# As Angustias cumpre coa vella aspiración de ter unha nova Virxe dos Desamparados



O santuario das Angustias acolleu o pasado día 22 a bendición, por parte do bispo Fernando García Cadiñanos, da imaxe da Santísima Virxe dos Desamparados, a nova talla adquirida pola

confraría para procesionar co seu Cristo do Perdón o Mércores Santo. Cumpriuse unha vella aspiración da irmandade coa adquisición desta peza realizada polo imaxineiro andaluz Rafael Martín Hernández.

O autor participou na presentación da imaxe, que dixo ter concibido “para transmitir a dor contida de María” e “establecer un diálogo directo e profundo co fiel”. É unha talla en madeira de cedro, policromada con cores tenues, na que destaca a delicadeza expresiva do seu rostro.

Estreará tamén a irmandade de Esteiro unha nova bandeira da confraría, que están ultimando nos talleres Bordados Barbes de Onteniente, Valencia, en substitución da anterior doada polo expresidente Jesús Sueiras. O seu recente falecemento, moi sentido no seo da confraría e de toda a Semana Santa ferrolá,

motivará que os anos que flanquean á Virxe das Angustias leven uns crespos negros.

A Confraría das Angustias encara a nova Semana Santa coa esperanza de poder sacar á rúa todas as procesións, despois de quedar no santuario o mércores e o xoves do pasado 2024 pola choiva. Chega a irmandade de Esteiro a esta Paixón despois do sobresalto que supuxo o roubo, en outubro pasado, da arqueta tallada por Guillermo Feal e donada ao Santo Hospital de Caridade. Afortunadamente foi recuperada e voltará a estar o Sábado Santo aos pés de Nosa Señora das Angustias. •

## A Irmandade do Santo Enterro recibe este ano a once novos confrades

A Irmandade do Santo Enterro celebrará este ano a última cerimonia do Desencravo co Cristo antigo, aínda que ten xa en proceso a construción dunha réplica exacta para a que foi xa escaneado en tres dimensións a peza. Falta coñecer quen será o artista ao que se vai encomendar o acabado e a policromía,

pero a irmandade conta con poder estrear o vindeiro 2026, cando celebrará o 75 aniversario da primeira saída da confraría. O Sábado de Paixón, 12 de abril, ás 18.00h en San Xiao, o Santo Enterro celebrará a cerimonia do recibimento e xuramento das regras por parte das novas incorporacións. Este ano participarán 11

persoas: 3 monaguillos, dúas aspirantes e seis confrades numerarios, dos que cinco son mulleres e un home.

A confraría ten convocado para o Xoves Santo pola mañá o “cuadrante”, a reunión á que asisten todos os irmáns e na que se organiza a saída do venres. Cara ao público, o Santo Cristo do Santo



Enterro estará exposto no túmulo desde a tarde do mércores, na urna de Urbano Anido, para que os devotos poidan pasar a visitalo. •

# A Soidade presentará o día 6 o Cristo da Boa Morte co que sairá o Martes Santo

A Confraría da Soidade vai estrear este ano o seu novo Cristo da Boa Morte. A imaxe presentarase ante o público e será bendicida polo obispo García Cadiñanos o próximo día 6 de abril, ás 20.00h na igrexa do Carme. É unha talla de Jesús Cepeda, o imaxineiro sevillano que tamén fixo o San Pedro desta irmandade.



Por outra banda, a imaxe do Ecce Homo tallada por Florencio Gambino sairá o Domingo de Ramos sobre un trono adquirido de segunda man a unha confraría de Xaén. A irmandade celebrou o pasado 29 de marzo, na capela da Orde Terceira, o súa homenaxe aos irmáns con 25 anos de antigüidade. Para o vindeiro 4 de abril está

previsto, ás 20.00h, o acto de imposición de medallas a novos confrades, e para o 12 de abril, o Sábado de Paixón, o concerto da Agrupación Musical Boa Morte e da Banda de Cornetas e Tambores de Noso Pai Xesús Nazareno, que tamén será na capela terciaria e que pechará os recitais de música confrade de Coresma na cidade. •

## Nosa Señora dos Cativos levará os rezos dos fieis baixo o seu manto todo un ano

A Confraría da Mercé publicou este ano o seu primeiro boletín informativo de Cuaresma, co que se concreta un esforzo máis de apertura cara aos propios irmáns e cara á sociedade. Brindouse, a través do anuncio nas súas páxinas, a posibilidade de que calquera confrade solicite unha quenda de pano, para ficar xunto á Nosa Señora dos Cativos durante o bico de man dos devotos o Sábado de Paixón e o Domingo de Ramos. Durante as dúas xornadas, a Mercé colocará unha urna para que aqueles fieis que o desexen poidan depositar as súas oracións, prome-

tas ou peticións, que permanecerán despois baixo o manto da Virxe Blanca na procesión e durante todo o vindeiro ano.

Tamén anunciou a irmandade outra innovación para a súa procesión do Mércores Santo. Será o "tramo silencioso", unha parte do percorrido na que non soarán tambores nin música para facerlles máis agradable o seu paso a persoas con autismo e outras diversidades cognitivas.

A irmandade, que estreou o pasado ano o paso e a procesión de Xesús da Humildade no Bico de Xudas, incorporará neste 2025 algúns elementos

ás súas procesións, como un arcón do Terzo da Humildade, un segundo incensario coa Virxe Blanca ou unhas cabezas de varal plateadas no trono.

A confraría mercedaria está satisfeita polas altas dos últimos meses, coas que ten chegado aos 450 irmáns, precisamente no ano no que vai homenaxear aos confrades que levan 25 anos: César Carreño, José María García de los Reyes, José Anido y Diego Fernández. A través do devandito boletín, e tamén neste 2025 no procesionario, anúnciase o Vía Crucis ao vivo que fará o Movemento Xuvenil Mercedario o Luns



Santo, ás 18.00h na capela de Amboage.

O mesmo escenario acolleu na tarde do pasado sábado 22 o concerto de Acotaga, a banda irmandada coa confraría mercedaria, no que entre outras emblemáticas marchas interpretaron "Humilitas Dei", a peza encargada pola entidade ao compositor Miguel Ángel Font para o paso de Xesús da Humildade. •

# A cara máis solidaria da Semana Santa

A caridade está no ADN de todas as confrarías penitenciais de Ferrol e este é un compromiso que practican durante todo o ano. Porén, no mesmo transcurso da Semana Santa sucédense actividades e xestos que serven para recadar fondos e outras doazóns para as persoas necesitadas da nosa contorna.

É xa un clásico no preámbulo de cada Semana Santa o Ensaio Solidario da Mercé. Este ano será o 5 de abril, a partir das 12.30h, cando a irmandade percorra co seu trono as rúas próximas a Amboage recollendo doazóns de alimentos. Xunto a esta acción, a confraría pon á venda diferentes elementos para a súa bolsa de caridade, como son as candeas da Cativa, cada unha das flores de cera que a acompañan ou as polas da oliveira do tro-



## A "flor solidaria" é un xesto que xa se ten estendido a outras confrarías

no, e mesmo as lascas de madeira que a imaxineira Ana Rey foi sacando da peza da que extraeu o Xesús da Humildade.

A acción de caridade máis senlleira da Semana Santa ferrolá e sen dúbida a recollida de esmola que fai a Confraría das Angustias durante toda a xornada do Sábado Santo. Desde as nove da mañá, os fieis pasan polo santuario para depositar doazóns na arqueta da Fundación do Santo Hos-

pital de Caridade e levar a cambio algunha das flores que adornaron os tronos.

É un xesto que se ten estendido a outras confrarías. Así, Dolores e o Santo Enterro tamén incorporaron xa o pasado ano esta fórmula da "flor solidaria", coa que reúnen fondos para as súas bolsas de caridade. •

## O coro húngaro Gemma Choir abre o domingo 6 o IV Ciclo de Música Sacra

O Coro Diapasón organiza un ano máis, e chega neste 2025 á cuarta edición, o Ciclo Coral de Música Sacra. O programa, que patrocina o Concello de Ferrol e que conta coa colaboración da Armada e da Semana Santa, acada desta volta un carácter internacional.

Serán tres concertos, os días 6, 12 e 20 de abril, todos na concatedral de San Xiao. O primeiro, este domingo 6, ás 18.00h, correrá a cargo do coro húngaro Gemma Choir, procedente de Budapest. A formación, dirixida por Márton Tóth, ten un repertorio que abarca desde a música



antiga ata a contemporánea.

Os seguintes recitais serán os días 12 e 20, os dous ás 20.00h na concatedral.

O primeiro correrá a cargo do Coro de Cámara Alonso Lobo, de Cuenca, e o último será o do Coro Diapasón.

A Coral Polifónica A Magdalena, pola súa banda, ofrecerá o seu Concerto Sacro o día 15 de abril, Martes Santo, ás 19.00h na Concatedral de San Xiao.

# A música que vai marcar o paso

As agrupacións e bandas de música confrade están tamén contando os días para saír e marcarlle o ritmo á Semana Santa de Ferrol. Falamos na Coresma con aquelas que van procesionar este ano por Ferrol, para coñecer as súas novidades cara á Paixón.

## Agrupación Musical Virxe da Amargura



Na agrupación da Virxe da Amargura comentan que este ano recortaron repertorio para traballar máis a calidade e os matices das diferentes partituras. Entre as súas pezas máis senlleiras están “Corazón de San Juan”, “Cerca de ti” e “A la gloria”, esta última sempre interpretada na traseira do paso do Cativo. Voltarán un ano máis a Ares, onde xa é tradición a súa interpretación da Saeta na retirada do Domingo de Ramos.

## A.M. Cristo da Boa Muerte



“Luz de Estrella”, de Miguel Ángel Cifuentes, é unha estrea cargada de emoción para a agrupación do Cristo da Boa Morte. Foi escrita para a A.M. Sagrada Resurrección de Chiclana, en memoria de Alejandro Tenreiro, falecido hai poucos anos. Creouse na súa memoria para a formación gaditana, en cuxa xéne se participou Tenreiro, e desde alí chamaron á Boa Morte para que a toquen tamén este ano.

## Banda de CCTT Noso Pai Xesús Nazareno

A Banda de Cornetas e Tambores Noso Pai Xesús Nazareno sumou ao seu libro de partituras catro marchas de corte clásico. A formación adoita acompañar ao trono das mulleiras da Confraría de Do-



lores e gusta de traballar coa súa mordoma a sincronización da música e do “baile” das portadoras. Unha das súas marchas emblemáticas é “La Pasión”, que leva coa banda unha década, e a popular “Una madre no se cansa de esperar”. Esta Semana Santa estarán tamén na Coruña e en Carballiño.

## Nosa Señora do Nordés-OJE

Tamén vai incorporar catro novas marchas ao seu repertorio a banda da OJE, entre as que están “Nuestro Señor” e “Prendimiento de Jesús”. A banda Nosa Señora do Nordés participou nesta Coresma na oitava edición do certame Paixón no Camiño



que se celebrou en Santiago. Durante a Semana Santa tocarán tamén en Corme, Ortigueira e A Coruña.

## Banda Acotaga

Acotaga ten preparadas, como novidades, tres novas marchas para metais -“Alma nuestra”, de Miguel Ángel Font; “Señor de una devoción”, de Francisco José Ortiz Morón e “Praten et Tiliun”, de Juan Carlos Fernández Gutiérrez e Rafael García Galán-, unha combinada -o canto litúrxico “Oh pecador”- e dúas para gaita -“Marcha procesional de San Felipe do Viso”, de Bossa, e a “das Mercedes”-. Ademais das procesións en Ferrol, estarán en Carballiño e Ortigueira.

## Cornetas, Gaitas e Tambores das Angustias



Na Banda de Cornetas, Gaitas e Tambores das Angustias, de cuxo repertorio destacan por emblemática a peza “Highland Cathedral”, teñen previsto tocar por primeira vez “This land” nos seus percorridos.

## Unidade de Música do Terzo Norte

A banda de Infantería, que non é propiamente unha formación de música confrade pero que constitúe todo un clásico na nosa Paixón, tocará “Estrella sublime”, unha marcha que cumpre 100 anos, escrita por Manuel López Farfán. Tamén interpretará “Semana Santa en Poza de la Sal” e “Cristo de los Navegantes”,



dúas composicións do seu director, Luis García Cortizas, adicadas ao pobo do seu pai, a primeira, e á emblemática imaxe de Ferrol Vello, a segunda. •

# O reparto da revista e dos procesionarios abre a conta atrás para a Semana Santa

A antiga capela do Torre Ballester encheuse ata a bandeira o pasado venres 28 no acto de presentación da revista Ecce Homo e o procesionario. O presidente da Xunta de Confrarías, César Carreño, encargouse de debullar os contidos desta nova edición, antes de dar a palabra á delegada territorial da Xunta, Martina Aneiros, e ao alcalde de Ferrol, José Manuel Rey.

A publicación reúne oito artigos. O do arquitecto José Romero sobre a fase dúas da rehabilitación da igrexa de Dolores; o de Antón Niñe sobre a obra do imaxineiro Xosé Rivas e a súa pegada en Ferrol; o de Mario Valdivieso sobre o proceso de construción da capela da Mercé; un traballo cargado de emoción de Justo Brotons Casal sobre o seu pai; unha crónica da historia da banda das Angustias, a cargo de Alejandro García París; unha reflexión de Benito Méndez sobre as Sete Palabras e un traballo do investigador Fernando Dopico sobre a Confraría de San Roque no século XVII e, en particular, sobre a música, as danzas e os xogos populares que promovía. O pregón do pasado ano, a cargo da xornalista Marta



Fernández Corral, pecha os contidos desta publicación, que desde primeiros deste mes de abril está a ser distribuída polas oficinas de turismo, as confrarías, os hoteis e o museo da Semana Santa. Se están a repartir 7.000 revistas e 15.000 procesionarios saídos da Imprenta da Deputación.

Atrás quedou xa o Vía Crucis, que se celebrou o pasado 21 de marzo desde o santuario das Angustias, coa imaxe de Noso Pai Xesús Nazareno presidindo a comitiva. E queda xa por diante, no que atinxe aos actos da Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades nos prolegómenos da Semana Santa, a lectura do


pregón. Será o vindeiro sábado, día 5 de abril, ás 19.30h no teatro Jofre. Tal como se anunciou, o sacerdote e xesuíta Daniel Cuesta Gómez será o encargado deste capítulo que cada ano anuncia a chegada dun novo Domingo de Ramos. A Escolanía da Catedral de Santiago porá a nota musical nesta ocasión. •

## Streamings para viaxar a pé de rúa e redes sociais

Como en anos anteriores, a Xunta de Confrarías e Irmandades da Semana Santa de Ferrol quere achegar as procesións a aquelas persoas que por estar lonxe, ou mesmo por ter problemas de mobilidade que lles impiden estar a pé de rúa, non poden velas presencialmente. Así, emitiranse en directo por streaming a través da canle de Youtube [-www.youtube.com/@semanasanta-](https://www.youtube.com/@semanasanta-)

[deferrol1616](https://www.youtube.com/@semanasanta-)-. As redes sociais serán a fórmula máis acaída para estar ao tanto do programa de cada día e de calquera cambio no mesmo. Tanto a través do Facebook como no Instagram da Xunta de Confrarías notificarase calquera incidencia, ao igual que na canle de Whatsapp, e notificarase o comezo dos directos. Os enlaces a están na web [www.semanasantaferrol.com](http://www.semanasantaferrol.com).

## Cromos, recortables e puzzles para reproducir a nosa Semana Santa



De novo este ano a Semana Santa de Ferrol vai ter a súa colección de cromos. Os álbumes pónense estes días á venda nos quioscos por 6€ e virán con tres sobres de cromos. Segundo explica o seu artífice, Chisco Ayguavives Caldevilla, o libro se compón de 285 imaxes, 97 máis que o ano pasado, todas elas tomadas por el mesmo durante procesións de 2024 -están todas, aínda que as que non saíron pola choiva teñan menos fotos-. Os sobres venderanse a un euro e traen cinco cromos cada un. E haberá quedadas -bautizadas como "repencuentros"- para que os coleccionistas poidan cambiar os "repes", que se anunciarán oportunamente a través da conta de instagram @cromossemanasantaferrol. En total saen 2.000 álbumes, 100.000 sobres e medio milleiro de cromos.

Pero a iniciativa de Ayguavives vai máis alá este ano. Xunto cos cromos, sacou tamén á venda uns recortables de bandas de música, terzos, tronos e sedes canónicas das confrarías. Neste caso o prezo dos sobres varía en función da cantidade de pregos de cartulina que precise, desde os 4€ que pode custar o dun terzo, con dúas cartolinas para recortar os capuchóns e o seu estandarte, ata os preto de 50€ que valerá a reprodución da concatedral de San Xiao. Xa está nalgún escaparate a banda Acotaga ao completo, así como outras figuras e elementos das nosas procesións que o emprendedor vai sacando pouco a pouco.

Tamén o Centro Comercial Aberto da Magdalena quixo este ano promocionar a Semana Santa de Ferrol. Os comerciantes van regalar aos seus clientes uns puzzles de 20x20 centímetros, nos que se reproducen as imaxes ou escenas máis senlleiras da nosa Paixón. Son cinco diferentes, un de cada confraría, e a iniciativa está cofinanciada polo Concello de Ferrol. A entidade prevé que voarán rapidamente.